

# **PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES**

**IES Camilo José Cela**

**Data de aprobación en Claustro: 6/02/2024**  
**Data de aprobación en Consello Escolar: 7/02/2024**

## ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN	..... páx. 2
1.1. ANALISE DO CONTEXTO	..... páx. 4
1.2. MARCO LEGAL	..... páx. 4
2. OBXECTIVOS	..... páx. 5
3. MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE	..... páx. 6
4. ORGANIZACIÓN E IMPLEMENTACIÓN NO CONTEXTO DO CENTRO	..... páx. 10
5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	..... páx. 11

## 1. INTRODUCCIÓN

O dereito á protección da saúde está recollido na nosa lexislación básica, en concreto no artigo 43 da *Constitución Española*, mentres que no artigo 4 da *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia* se establece que os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos na Constitución.

O *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* e o *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, establecen no seus artigos 38 e 36, respectivamente, as bases para a promoción de estilos de vida saudable nos centros educativos. Asemade, a *Orde do 26 de xaneiro de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*, xunto coa *Orde do 26 de xaneiro de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*, recollen no seus artigos 19 e 22, respectivamente, os elementos de que debe constar o Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

As sociedades modernas tenderon nas últimas décadas a desenvolver uns hábitos de sedentarismo, inactividade e alimentación pouco saudable que están afectando negativamente á saúde da cidadanía, en especial nos países desenvolvidos. Esta ameaza afecta cada vez máis á poboación infantil e adolescente, que precisa dunhas pautas e dunha actuación educativa que fomenten aspectos como a actividade física, a dieta equilibrada, a práctica de deporte e o goce activo do tempo libre e da natureza. Ademais, a ameaza real das pandemias, como se comprobou coa da COVID-19, e o incremento das enfermidades infecciosas e de transmisión sexual provocan un risco grave para a saúde que debe ser abordado tamén desde o punto de vista educativo.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a *saúde* como un estado completo de benestar físico, mental e social, e non só como a ausencia de enfermidade e

invalideces. O nivel de saúde dunha comunidade sábese que está influído por catro grandes grupos de *determinantes*: a bioloxía humana, o medio ambiente, os estilos de vida e condutas de saúde e o sistema sanitario. Os tres primeiros factores teñen maior peso sobre a saúde que o último, ao cal, non obstante, se lle dedica máis a maior parte do investimento económico.

A prevalencia das doenzas crónicas (obesidade, cardiovasculares....) aumentou nas últimas décadas. Factores demográficos, modificacións nas condicións de vida (situación laboral, nivel educativo...), nas condutas (tabaco, alcohol, dieta, actividade física), factores relacionados co sistema sanitario e co medio ambiente teñen unha clara influencia no aumento da cronicidade. A importancia da loita contra estas doenzas incrementouse aínda máis desde a situación sanitaria creada coapandemia da COVID-19: as persoas con patoloxías como as mencionadas son, á súa vez, grupo de risco fronte aos Coronavirus. Xa que logo, cómpre de xeito máis urxente incidir na importancia de cooidar a nosa dieta e as medidas hixiénico-sanitarias.

A OMS destacou que a mellora da saúde da poboación esixe actuar dende unha perspectiva multidisciplinar e multisectorial, dirixindo os esforzos ao conxunto da poboación –e especialmente no contexto escolar– como medida de promoción da saúde, non só cara ás persoas con risco padecer unha determinada doenza.

Conseguir que as persoas adopten estilos de vida saudables no referente á alimentación, actividade física, consumo de tóxicos (tabaco, alcohol e outras drogas) e comportamentos sexuais na etapa adulta, relaciónase con hábitos adquiridos a idades temperás, sobre todo durante a infancia e adolescencia e que se consolidan na xuventude.

A actividade física, xunto co mantemento dunha alimentación saudable, constitúen áreas esenciais para una vida sa. A falta de actividade física asóciase co incremento da mortalidade, así como cun maior risco de aparición e desenvolvemento de doenzas. Sábese que a actividade física diminúe principalmente na etapa da adolescencia e xuventude, cando a práctica de exercicio físico xa non é unha materia obrigatoria.

A promoción da saúde baséase nos contornos, entendidos como lugares ou contextos sociais en que as persoas desenvolven as actividades diarias e onde interactúan factores ambientais, organizativos e persoais que afectan á saúde e ao benestar. Loxicamente, un bo exemplo é o propio centro de ensino, por iso, segundo recolle a

normativa, deben integrarse nos currículos as medidas necesarias para a difusión destes hábitos de vida saudable.

### 1.1. Análise do contexto.

No IES Camilo José Cela páttese dun marco xa desenvolto no anterior *Plan de promoción de estilos de vida saudable*, aprobado polo claustro o 29 de xuño de 2021. Este documento xa desenvolvía numerosas iniciativas, parte delas recollidas e continuadas no presente plan.

A preocupación polos hábitos saudables levou ao desenvolvemento de iniciativas como as tradicionais exhibicións ximnásticas, nas que o alumnado de todos os niveis participaba na organización dun espectáculo que se mostraba a toda a comunidade educativa nun acto e posterior celebración, no pavillón polideportivo municipal. Outras actividades deportivas e físicas que se desenvolveron durante anos foron os encontros de fútbol, voleivol e basker entre alumnado do noso centro e do veciño IES Macías o Namorado. A realización de torneos deportivos ten sido habitual, tamén, entre o alumnado do centro nos distintos niveis, sobre todo nos recreos durante o curso escolar: neste caso destaca a realización de torneos de pinpón nos soportais do patio e de xadrez na biblioteca do centro.

Nos últimos anos tense dado moita importancia a outros aspectos como a educación afectivo-sexual, traballada en diversas actividades ou a través de programas que se foron desenvolvendo co impulso da administración, como Quérote +.

A preocupación pola alimentación tamén foi unha prioridade no centro, coa posta en práctica de campañas informativas e cartelaría na cafetería e o desenvolvemento de proxectos como o programa *Nutricela*, desde o Departamento de Bioloxía.

### 1.2. Marco legal.

- *Constitución Española. 1978.*
- *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.*
- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015.*

- *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

- *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 26 de xaneiro de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

- *Orde do 26 de xaneiro de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

- *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

- *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.*

- *Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.*

- *Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, do 22 de xullo de 1997 e do 3 de xullo de 2000.*

## **2. OBXECTIVOS**

O presente documento asume os obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, recollidos no *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* e no *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Estes refírense ao coñecemento do funcionamento do propio corpo, ao coidado

da saúde, á valoración da sexualidade na súa diversidade e á educación física e o deporte.

Os **obxectivos xerais** que establece o presente plan son os seguintes:

- a) Desenvolver hábitos e rutinas de coidado do propio corpo e da persoa en xeral e tratalos de xeito transversal como parte da educación para a saúde no centro.
- b) Comprender a relación entre alimentación, actividade física e saúde.
- c) Fomentar e potenciar os beneficios para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada e a práctica de actividades físicas.
- d) Integrar a adquisición de hábitos de vida saudable como elemento transversal desde o traballo na educación para a saúde.
- e) Contribuír ao desenvolvemento de competencias clave como a competencia aprender a aprender e a competencia social e cívica, á hora de desenvolver cambios de comportamento para o coidado persoal, da comunidade e do medio ambiente.
- f) Fomentar o traballo en equipo sobre vida saudable, promovendo metodoloxías activas comoo traballo por proxectos, a procura activa de información e o tratamento desta integrando o manexo eficiente das TIC.
- g) Promover a adquisición e uso dun vocabulario científico axeitado referido ao eido da alimentación e o deporte, empregando distintas linguas (galego, castelán, portugués, inglés e francés).
- h) Fomentar a análise crítica de determinados hábitos de alimentación.
- i) Fomentar unha actitude crítica e creativa no alumnado, promovendo a divulgación de información científica e poñendo en cuestión canles e medios de elevada difusión e pouco veraces.
- l) Sensibilizar a toda a comunidade educativa da necesidade de pór en práctica hábitos de vida saudable, sendo conscientes de que a mellor prevención de patoloxías é unha boa alimentación e a práctica de actividade física.

### 3. MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE

Estas medidas, tanto as previstas como as xa realizadas, desenvolven varias *liñas de actuación básicas* que se coordinarán na posta en práctica do plan:

#### 1. Mellora dos hábitos saudables da comunidade educativa

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE
-----------	-------------	---------------	--------------

			<b>LOGRO</b>
■ Creación de carteis sobre a hixiene precisa nos distintos espazos	■ Dirección, persoa coordinadora de benestar e convivencia.	■ Anual	■ Colocación visible dos carteis nos espazos clave do centro
■ Iniciativas de consumo de produtos saudables na cafetería escolar	■ Dirección, profesorado titor e responsables da cafetería	■ Mensual, nas aulas de titoría	■ Redución do consumo de alimentos non saudables na cafetería
■ Participación nas actividades propostas no plan XOGADE da Xunta de Galicia	■ Vicedirección e Departamento de Educación Física.	■ Todo o curso	■ Solicitude e participación no programa
■ Creación e mantemento da webNutricela	■ Departamento de Bioloxía	■ Actualizarse a miúdo segundo a publicación de novos contidos	■ Publicación de novos contidos cada mes
■ Educación afectivo-sexual nas aulas	■ Orientación, profesorado titor e contratos programa	■ Segundo a programación das sesións no PAT	■ Realización de, polo menos, unha sesión de educación afectivo-sexual ao trimestre en cada nivel
■ Realización de actividades de difusión de receitas saudables e produtos típicos da bisbarra de Padrón	■ Departamento de Bioloxía, EDLG	■ Terceiro trimestre do curso	■ Confección de receitas e calendarios que publiciten os hábitos saudables e os produtos da zona
■ Xornadas de Acroximnasia	■ Departamento de Educación Física	■ Final de curso	■ Realización das xornadas
■ Fomento da mobilidade saudable e promoción dos desprazamentos peonís e en bicicleta	■ Vicedirección	■ Todo o ano	■ Acondicionamento do espazo para bicicletas e do acceso peonil pola entrada das pistas deportivas
■ Realización de obradoiros de relaxación e autoxestión emocional	■ Vicedirección	■ Primeiro trimestre	■ Participación significativa do alumnado nos obradoiros
■ Encontros intercentros (especialmente do veciño IES Macías o Namorado)	■ Departamento de Educación Física	■ Final de curso	■ Realización dos encontros
■ Obradoiros de uso responsable e saudable das TIC	■ Vicedirección, e Coordinadora TIC	■ Segundo a programación das sesións no PAT	■ Realización dos obradoiros
■ Recreos activos (organización de xogos e prácticas que o ofrezan alternativas de ocio ao alumnado)	■ Vicedirección e persoa responsable de benestar e convivencia.	■ Todo o curso	■ Realización das actividades e participación do 50% do alumnado nelas.
■ Roteiros de sendeirismo (Camiño de Santiago, Rota Rosaliana, Subida ao Meda, Roteiro As Penicias...)	■ Vicedirección e Departamentos Didácticos	■ Segundo e terceiro trimestre	■ Participación maioritaria do alumnado nos roteiros
■ Actualización e mantemento da botica anexa ou caixa de primeiros auxilios do centro	■ Dirección e persoal de conserxería	■ Anual	■ Mantemento actualizado da caixa de primeiros auxilios
■ Revisión, actualización e comunicación dos casos do alumnado do centro que se integren no programa Alerta	■ Dirección	■ Primeiro trimestre	■ Elaboración e actualización da base de datos de Alerta Escolar



## 2. Inclusión da educación para a saúde nos programas de innovación educativa do centro e tratamento interdisciplinar nas distintas materias.




ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Solicitud dun Plan Proxecta relacionado con áreas de mellora da saúde	■ Dirección	■ Mes de novembro (prazo de solicitude)	■ Solicitud e implantación do Plan Proxecta
■ Inclusión de contidos de educación para a saúde noutros programas en vigor no centro, como o Club de letras, Plan Proxecta...	■ Dirección e persoas coordinadoras dos proxectos	■ Anual	■ Realización efectiva de accións no marco dos proxectos desenvolvidos
■ Colaboración no coidado do contorno do centro, especialmente na eliminación de riscos para a vida saudable	■ Dirección e departamentos didácticos	■ Anual	■ Realización de intervencións no contorno do centro
■ Adquisición de fondos sobre saúde na Biblioteca do centro	■ Equipo e coordinadora de Biblioteca	■ Comezos de curso	■ Incremento de fondos con temática sobre hábitos saudables
■ Instrucións e charlas sobre o uso correcto das tecnoloxías	■ Coordinación TIC	■ Trimestral	■ Realización de actividades trimestrais

## 3. Intervencións para a saúde coordinadas nos diferentes documentos do centro.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Medidas para os hábitos saudables incluídas no Plan de adaptación á situación COVID-19	■ Equipo COVID do centro	■ Anual	■ Difusión das medidas saudables máis relacionadas coa prevención da COVID-19
■ Actividades para a saúde no Plan de Acción Titorial	■ Departamento de Orientación	■ Trimestral	■ Programación de actividades para todos os cursos no PAT
■ Actividades extraescolares para a saúde na PXA	■ Vicedirección	■ Anual	■ Programación de, polo menos, un 30% de actividades relacionadas coa saúde
■ Desenvolvemento de medidas e publicidade delas no referente ao Plan de Autoprotección do centro	■ Dirección	■ Anual	■ Realización de prácticas de autoprotección relacionadas coa saúde
■ Desenvolvemento de prácticas de evacuación e uso de extintores conforme ás directrices do Plan de Autoprotección do centro	■ Dirección	■ Anual	■ Realización das prácticas en colaboración co Grupo de Emerxencias do Concello de Padrón
■ Organización de actividades formativas en primeiros auxilios conforme ás directrices do Plan de Autoprotección	■ Dirección e Departamento de Educación Física	■ Anual	■ Realización das actividades formativas

#### 4. Traballo en hábitos saudables desde a perspectiva dos diferentes departamentos didácticos.

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Actividades sobre o léxico da saúde e o deporte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamentos de Linguas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización dalgunha actividade trimestral sobre o traballo co léxico da saúde e o deporte</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Encontros e faladoiros sobre saúde, hixiene e hábitos de estudo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de orientación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación das sesións no PAT.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de faladoiros e encontros polo menos trimestrais</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Charlas sobre a prevención do consumo de drogas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de orientación e Plan director da Garda Civil</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Sesións nos diferentes niveis ao longo de todo o curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Asistencia ás charlas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Actividades de clasificación dos alimentos máis consumidos na comunidade educativa en enerxéticos, plásticos e reguladores segundo a súa función no organismo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Bioloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación da materia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de táboas clasificatorias</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Charlas informativas sobre hábitos posturais correctos, tanto na actividade cotiá como na actividade física</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Orientación, Departamento de Educación Física e Tutorías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Primeiro Trimestre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Participación nas charlas de todo o alumnado</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Análise dos ingredientes das etiquetas nutricionais e das estratexias empregadas pola industria alimentaria para evitar produtos non saudables</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamentos de Bioloxía e Física e Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación das materias respectivas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización das análises</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Actividades de análise da información sobre a saúde na prensa dixital e en papel</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamentos de Linguas e Programa Prensa Escola</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación das materias respectivas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Producións escritas e audiovisuais sobre información saudable</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Prácticas de alimentación nos laboratorios de ciencias en materias de Bioloxía e Xeoloxía, Anatomía Aplicada, Cultura Científica e Promoción de Estilos de Vida Saudable</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación da materia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización das prácticas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de enquisas sobre hábitos de vida saudable entre o alumnado de cada grupo, procesamento dos datos e realización dos estudos estatísticos que se consideren</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Matemáticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación dos temas de estatística en cada curso da ESO</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de carteis cos gráficos dos resultados das enquisas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Análise e comparación de distintas dietas, valorando os xeitos de adaptalas segundo as necesidades nutricionais das diferentes persoas en función das súas características biolóxicas e a actividade que realicen</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamentos de Bioloxía e Educación Física</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Segundo a programación das materias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Elaboración dun cadro comparativo das dietas</li> </ul>

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>		<b>CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES</b>	
			
<b>Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela</b> Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña) Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730 Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.gal http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela/			
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Creación de axentes saudables do contorno entre o alumnado, fomentando a concienciación sobre a vida saudable a través de diferentes actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Educación Física</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Primeiro Trimestre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de infografías fomentando a concienciación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Realización de cuestionarios en Google Forms sobre a diagnose da saúde do alumnado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Departamento de Bioloxía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Terceiro trimestre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Publicación dos resultados no blog de Nutricela</li> </ul>

#### 4. ORGANIZACIÓN, DIFUSIÓN E IMPLEMENTACIÓN NO CONTEXTO DO CENTRO

A implantación e organización das accións contempladas no plan serán coordinadas pola **persoa coordinadora de benestar e convivencia** do IES Camilo José Cela.

Estas medidas e actuacións previstas serán supervisadas e valoradas desde a dirección, a Comisión de Convivencia, a Comisión de Coordinación pedagóxica, o departamento de Orientación e o claustro do profesorado. Estas medidas relacionaranse directamente coas establecidas no *Plan de Benestar Emocional* da Consellaría de Educación. Este documento, difundido a partir da situación de pandemia pola COVID-19 no curso 2021-2022, será unha referencia de cara ás actuacións que se leven a cabo máis directamente relacionadas con esta continxencia. Do mesmo xeito, e como se indica nas liñas de actuación correspondentes, mentres dure a situación de pandemia e as súas consecuencias, este Plan para a promoción de estilos de vida saudable terá unha especial relación cos documentos e accións de prevención da enfermidade da COVID-19

A dirección do centro será a responsable de difundir e publicitar as actuacións do plan a toda a comunidade educativa. Aínda así, a proposta, polo seu carácter interdisciplinar, colectivo e aberto, procurará implicar a maior parte dos sectores que conforman a comunidade do IES Camilo José Cela.

*Interdisciplinar e colectivo*, porque nela colabora toda a comunidade educativa: profesorado de varios departamentos alumnado e, mesmo, familias.

Ten carácter *aberto* pois considérase que na toma de conciencia do alumnado van ser cruciais as súas propias experiencias, que enriquecerán e completarán o desenvolvemento posterior do proxecto. Por isto, perséguese que o alumnado teña un

papel activo á hora de moldear as propias actividades a desenvolver, considerándose a priori como válidas todas aquelas ideas que poidan contribuir á finalidade do proxecto.

Para conseguir que o plan teña aceptación e sexa un instrumento operativo dentro do proxecto educativo do centro, procurárase potenciar estes trazos definitorios e a integración de experiencias e propostas de todos os sectores coa súa presentación no Consello Escolar e a súa exposición na páxina web a carón dos outros documentos do PEC definitorios do carácter do IES Camilo José Cela.

## 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan precisará dunha concreción anual que o adapte aos diferentes niveis e intereses do alumnado implicado e da comunidade educativa en xeral. Por iso será un documento flexible e aberto para o mellor aproveitamento de todos os recursos a disposición do centro.

En canto ao **seguimento** do proxecto e das súas implicacións, desempeñarán un papel fundamental órganos de coordinación como a Comisión de Coordinación Pedagóxica, a Comisión de Convivencia e o propio claustro do profesorado. Será nestes órganos onde se presenten as diversas iniciativas e se dinamice a colaboración da comunidade.

Polo que respecta á **avaliación** do plan, esta realizarase nun primeiro momento no propio claustro de profesorado, nas *valoracións do claustro* de final de curso. Isto levará á inclusión destas valoracións na *memoria anual* do centro. Para esta avaliación teranse en conta as *enquisas* mencionadas nas liñas de actuación do proxecto, realizadas a través de plataformas dixitais, e que achegarán información valiosa sobre o desenvolvemento do plan. Outros procedementos de avaliación que se terán en conta serán as *producións do alumnado* en relación ás diferentes actividades estruturadas polos departamentos didácticos. Dentro destas producións teranse en conta os traballos de investigación e informes realizados no marco de diferentes materias que aborden os contidos detallados no plan.